

ACTO DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO DO SUBMINISTRO ELÉCTRICO NAS INSTALACIÓNS DO MARCO, MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Reunida na sala de Padroado ás 14 horas do día 20 de agosto a Mesa de Contratación do MARCO convocada polo xerente para tratar a orde do día de apertura de oferta económica segundo se anunciou na Plataforma de Contratación do Estado

Asisten:

D. Martiño Nogueira Canle, xerente da Fundación MARCO

Como testemuñas:

D^a. Patricia Verdial Garay

D^a Amaya Martínez-Randulfe Landín

ORDE DO DÍA

1.-Ofertas Admitidas

Faise en acto público dándose lectura das ofertas presentadas e comunicándose aos licitadores copia da acta no mesmo día e publicándose no Perfil do Contratante o anuncio na Plataforma de Contratación do Estado a celebración pública deste acto o 20 de agosto de 2019. A devandita licitación ten acontecido como consecuencia da negativa da actual adxudicataria a renovar o contrato segundo comunicado de 1 de agosto de 2019, presentado un incremento a aplicar nas novas tarifas non aceptadas pola Fundación. Recibíronse as seguintes ofertas económicas enviadas en prazo admitidas para a subministración de Enerxía Eléctrica.

As ofertas admitidas son:

- -Naturgy (recibida por email)
- -Hidroeléctrica Lumymey (recibida por email)
- -EDP (recibida por email)
- -Aldro Enerxía (recibida por sobre certificado)

Non se acepta a proposta de prezo indexado de Fenie Enerxía, ao solicitarse na licitación prezo fixo por períodos. Consta correo de Fenie Enerxía onde sinalan que actualmente non poden ofertar prezo fixo.

2.-Lectura de Oferta Económica

Procédese á apertura da oferta recibida por sobre certificado e dáse lectura a todas as ofertas. A continuación exprésanse os prezos tal e como se detallan na oferta (*cts/kW):

Naturgy Prezo por períodos

	P 1	P 2	P 3	P 4	P 5	P 6
Prezo sen i. Eléctrico	11,0109	9,9667	8,7195	8,073	7,5648	6,755

EDP Prezo por períodos

	P 1	P 2	P 3	P 4	P 5	P 6
Prezo sen i. Eléctrico	11,1492	10,2993	8,7479	8,1724	7,6264	6,3535

Hydroeléctrica Lumymey Prezo por períodos

	P 1	P 2	P 3	P 4	P 5	P 6
Prezo sen i. Eléctrico	10,7065	9,6217	8,4495	7,6851	7,505	6,8882

Aldro Energía Prezo por períodos

	P 1	P 2	P 3	P 4	P 5	P 6
Prezo sen i. Eléctrico	10,7259	9,7197	8,6236	7,8792	7,3002	7,0386

A resolución do presente acto será comunicada por correo electrónico aos licitadores e publicarse no Perfil de Contratante.

Finaliza o acto ás 14:10.

Martiño Nogueira
Xerente
Fundación MARCO